

GALANES SANTOS, Iolanda; Ana LUNA ALONSO, Silvia MONTERO KÜPPER e Áurea FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2016) (eds.): *La traducción literaria: nuevas investigaciones*. Granada: Editorial Comares, 352 pp.

Para quen é consciente de a tradución ser unha canle que regula a circulación de ideas e o contacto intercultural, revélanse de especial interese as investigacións no ámbito da mediación interlingüística. Estas permiten analizar que se transloce tras tales relacións e como se producen os anteditos contactos. Se partimos da premissa de que unha sociedade será máis avanzada canto maior for a súa capacidade tradutora –en termos cuantitativos, abofé, máis tamén en termos cualitativos–, estes estudos ofrecen datos ben reveladores sobre o desenvolvemento dunha cultura, inconcibíbel esta sen un contacto continuado con outras civilizacións.

No caso das chamadas “culturas con linguas sen estado”, a mediación cobra unha relevancia indispensable, visto que estes idiomas se encontran sometidos a un contexto de dominación implícita e precisan da tradución como medio de articulación da súa identidade e da súa bagaxe literaria. Xa que logo, os estudos en tradución queren ser orientados cara ás culturas minorizadas e, de existiren, cara ás súas planificacións neste sector para así comprender en que parámetros se moven, isto é, cales son os autores, as linguas de partida e os xéneros que coñece cada realidade receptora. Consonante a este enfoque desde as “minorías”, xorden novos camiños para o estudo tradutolóxico das perspectivas de xénero, do poscolonialismo e da poesía e o teatro.

A vangarda das investigacións en tradución literaria recompílese en *La traducción literaria: nuevas investigaciones*, coordinada polo grupo de investigación BITRAGA da Universidade de Vigo, publicada na colección Interlingua da Editorial Comares e prologada polo profesor Francisco Lafarga. O que se aquí recolle, co obxecto de comprender os fluxos comerciais das bibliotecas nacionais, é a pedra

angular das tendencias actuais e das consideracións teóricas dos mercados da tradución literaria. Emporiso, non nos encontramos perante unha obra que se limite a reflectir a panorámica do sector editorial actual, senón que vencella sociedade e tradución para incidir na importancia da mediación interlingüística como retrato do devir histórico e das relacións entre culturas. A idea fundamental que subxace desta obra é a relación entre as culturas e as literaturas das linguas do Estado español.

As achegas teóricas asínaas Luis Pegenau-te, que analiza a tradución literaria desde varias perspectivas: a ideolóxica, a sociolóxica ou a estilística, entre outras. Ana Luna describe as aplicacións das bibliotecas dixitais, os catálogos virtuais e as bases de datos para a actividade tradutora e pon o foco da súa exposición no Catálogo da Tradución Galega de BITRAGA, que permite tirar conclusións a respecto do mercado galego da tradución literaria. Silvia Montero trata o valor dos premios e as subvencións para o sector, alén da importancia deste tipo de políticas como mostra de respecto e comprensión cara ás comunidades minorizadas.

É María Carmen Villarino quen incide na concepción das feiras internacionais do libro como espazos de encontro entre culturas e como reflectores do poder de cada país e, en consecuencia, dos fluxos de tradución. Áurea Fernández ten a ben dedicar o seu capítulo a unha escolma de perfís tradutores que foron completando, desde diferentes puntos socioculturais, os andeis das librarías do Estado durante os séculos XX e XXI. Carmen Francí propón unha retrospectiva da tradución literaria en España entre os anos 1980-2015, cuxa principal característica foi a “transformación substancial” da paisaxe editorial e do axente tradutor.

A intratradución e a extratradución no caso das culturas das nacionalidades históricas recóllese nos artigos asinados por Pere Comellas, Iolanda Galanes e Elizabete Manterola. Mentres nos casos de extratradución as tres culturas coinciden en sinalar o español como a primeira lingua meta atendendo a datos cuantitativos, na intratradución o catalán e o vasco, co inglés como lingua de orixe principal, difiren do caso galego que outorga ese primeiro posto ao castelán. Alén diso, é interesante constatar cal é a autoría máis internacional de cada cultura segundo o número de traducións que rexistra: Mercè Rodoreda para o catalán, Manuel Rivas para o galego e Bernardo Atxaga no ámbito vasco.

Retallos sobre a relación da tradución coa literatura infantil, coa novela policial e coas narrativas de xénero e poscolonialismo recollen, respectivamente, Isabel Pascua, Esther Morillas e Nuria Brufau. No caso da tradución de obras para nenos, Pascua defende o concepto de “intertextualidade cultural” como celme do intervencionismo do tradutor e expón un exemplo de censura neste tipo de obras. Morillas incide nos elementos culturais que arrodean catro dos personaxes máis sobranceiros da novela negra universal. Para abordar a tradución desde as “minorías”, Brufau somérxese na literatura chicana de mulleres e explica as dificultades de traducir unha narrativa localizada na fronteira.

Ende mal, dúas das vertentes menos comerciais da literatura son a poesía e o teatro, cuxa relación coa tradución exploran María do Cebreiro e Manuel Vieites nesta obra. Do Cebreiro recolle as tendencias actuais da tradución da lírica nas linguas co-oficiais do Estado español e expón dúas dinámicas concretas no caso galego: a inexistencia da planificación en tradución e a recuperación de iconas históricas –a produción occitana ou a figura de

Heine na obra rosaliana– a teor das publicacións no mercado galego. Vieites propón un modelo de análise para as traducións do sector da dramaturxia e analiza as dinámicas actuais; quer no papel, quer sobre o estrado, revélase a importancia da tradución deste tipo de obras para a diversificación e enriquecemento dunha cultura.

Verbo da cuberta do libro, esta ilústrase mediante unha instantánea da vetusta panificadora de Vigo. Esta imaxe induce a lermos nela a consagrada metáfora da ponte que une dúas beiras inconexas e que, por tanto, precisan dun “axente” para as comunicar. Tamén pode percibirse, nun exercicio de interpretación semiótica, a imaxe dun complexo industrial que é parte do desenvolvemento, do que tamén é parte a profusión de traducións.

Todas as observacións recollidas neste volume materializáronse no congreso “As visibilidades da tradución”, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo durante os días 29 e 30 de setembro. No encontro, alén de as incógnitas neste ámbito se esvaecerem, fomentouse o intercambio de ideas –como acontece grazas á tradución literaria mesmo!– e botouse luz sobre a relevancia dos perfís tradutores na configuración das diferentes literaturas nacionais.

En definitiva, o ronsel percorrido nos últimos anos nos estudos da tradución literaria reverbera con alta minuciosidade nesta obra. Resta coñecermos a foula que se navegará nos próximos tempos, condicionada polo vento mareiro que regule o, até o de agora, cénit da proliferación e valoración dos estudos en tradución.

Manuel ARCA CASTRO
Universidade de Vigo
marca@alumnos.uvigo.es